

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 26.12.2019

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro
D^a Raquel Caruncho Corral
D^a Yolanda Vázquez Busto
D^a Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
D^a. Manuela García Fachal
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luis Pena Mosquera
D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do vinte e seis de decembro de dous mil dezanove, xúntanse en sesión ordinaria do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

Non asiste:

D. Andrés Pérez Pérez

A Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Interventora:

Dna. Lucia Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 28.11.2019.
- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 18.12.2019

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que de seguido se transcribe:

"PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- SESIÓN ORDINARIA DE 28.11.2019.
- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 18.12.2019

(Expediente TEdC: 2018/G006/0000206)



Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria de 28.11.2019.
- Extraordinaria e Urxente de 18.12.2019.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria de 28.11.2019.
- Extraordinaria e Urxente de 18.12.2019.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, a luns 20 de decembro de 2019.”

A presidencia pregunta se algún/ha membro ten algo que dicir sobre o borrador de acta.

Non habendo intervencións, sométense a votación os borradores das actas por separado, por non teren estado presentes as mesmas persoas membro.

- Ordinaria de 28.11.2019.

Queda **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Pena Mosquera; e **1 abstención** de D^a Rocío Souto Torre por non ter estado presente na sesión cuxo borrador de acta se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 28.11.2019.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- Extraordinaria e Urxente de 18.12.2019.

Queda **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 10 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **2 abstencións** de D. Luis Pena Mosquera e de D^a Rocío Souto Torre por non teren estado presentes na sesión cuxo borrador de acta se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Extraordinaria e Urxente de 18.12.2019

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DE D. ANDRÉS PÉREZ PÉREZ AO CARGO DE CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP) NO CONCELLO DE PONTEDEUME. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO ORDINARIO DE 26.12.2019

TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DE D. ANDRÉS PÉREZ PÉREZ AO CARGO DE CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP) NO CONCELLO DE PONTEDEUME. MANDATO CORPORATIVO 2019-2023.

Visto o escrito do concelleiro D. Andrés Pérez Pérez do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), de data 13 de decembro de 2019, nº de rexistro de entrada 201999900000665, cuxo contido de seguido se transcribe: " Primeiro. Que con data 26/05/2019 se celebraron as eleccións municipais ás que el acudía formando parte da Lista do Partido Popular Segundo. Que tomou posesión do seu cargo o día 15/06/2019, tras cumprir coas obrigación impostas pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral.

Terceiro. Que por motivos persoais, que me impiden o cumprimento das obrigación propias do cargo, quero deixar de ocupar o posto que ocupaba no Concello de Ponte deume.

Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, tómese coñecemento da miña renuncia ao cargo de concelleiro que ostento nestes momentos no Concello de Ponte deume polo Pleno de devandito Concello.."

Vista a lista presentada polo Partido Popular ás últimas eleccións municipais na que aparecen os seguintes candidatos a tomar posesión en caso de renuncia dos actuais, neste caso: Dna. Lucía Díaz Iglesias.

Á vista do escrito presentado por Dna. Lucía Díaz Iglesias, documento con rexistro de entrada nº 20190000004844 de 16/12/2019, no que renuncia a tomar posesión do cargo de concelleira, cuxo contido se transcribe: ""Que con fecha 26/05/2019 se celebraron las elecciones municipales, en la que formaba parte de la Lista del Partido Popular"

Vista la renuncia presentada por el candidato y visto que, por orden de la lista presentada yo pasaría a tomar posesión como concejal electa.

Q Que por motivos persoais, que me impiden o cumprimento das obrigación propias do cargo, quero deixar de ocupar o posto que ocupaba no Concello de Ponte deume.

Por todo ello, SOLICITO que, que se tome conocimiento de mi renuncia a tomar posesión de mi cargo de concejal en el próximo pleno que se celebre."



Considerando o disposto nos artigos 73 e seguintes da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, os artigos 9 e seguintes do RD 2568/86, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

Considerando o disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeneral, así como a Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central de substitución de cargos representativos locais.

PROPOÑO:

PRIMEIRO.- Tomar razón da renuncia de D. Andrés Pérez Pérez, ao cargo de concelleiro do grupo do Partido Popular (PP) no concello de Pontedeume.

SEGUNDO.- Tomar razón da renuncia ao acceso ao cargo de Dna. Lucía Díaz Iglesias, candidata seguinte na lista presentada polo Partido Popular ás eleccións locais celebradas o pasado 24 de maio de 2019.

TERCEIRO.- Solicitar da Xunta Electoral Central que expida a credencial acreditativa da condición de electo, a favor da persoa candidata seguinte na lista presentada polo Partido Popular nas últimas eleccións municipais, que a xuízo da Corporación é a seguinte: D. Luis Ángel Díaz González.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente en Pontedeume á data sinalada na marxe."

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente quere agradecer, aínda que non estea presente, o servizo que D. Andrés Pérez Pérez prestou ao Concello ao longo dos anos de concelleiro, independentemente das diferenzas ideolóxicas e tendo en conta o común: o traballo pola Vila de Pontedeume e o tempo dedicado no goberno local ao longo de mandatos anteriores así como ao longo destas últimas compartindo Corporación. Conclúe agradecendo o talante do Sr. Pérez Pérez, que cualifica como educado e afable, desexándolle sorte na súa vida persoal, unha vez que decidiu deixar a política activa

3.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

Dende a Presidencia, dáse conta da presentación por parte do Grupo Municipal do PSdG-PSOE dunha moción para o seu tratamento, se procede, pola vía de urxencia, relativa ao asunto "**SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN CO FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**"

De seguido, sométese a votación a URXENCIA do asunto para a súa inclusión na orde do día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA E INCLUÍDO O ASUNTO NA ORDE DO DÍA por MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **3 abstencións** do concelleiro do Grupo Municipal do PP(1): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG (2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Don José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE da conta dos motivos polos que se presenta a moción: o incremento en 150.000,00 euros da aportación dedicada á dependencia no orzamento municipal, cando a competencia é da Xunta.

De seguido, pasa a ler o texto da moción, que de seguido se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza, e prestando a maior parte dos servizos que esta. Pero estamos a asumir cada vez máis, competencias impropias que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente e/ou correspondente financiamento co que facerlles fronte, polo que moitos municipios vense obrigados a destinar unha parte moi importante dos seus recursos propios a estas tarefas.

Cabe recordar que xa de por si, os Concellos están a soportar na actualidade un importante número de restriccións de carácter económico, orzamentario e de política laboral, o que minguou a súa capacidade inversora, acrecentando a situación descrita con anterioridade.

A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias, xa que corresponde ás administracións autonómica e estatal pero que, cada vez de xeito máis preocupante, está a supoñer unha carga financeira, ás veces xa inasumible, para os orzamentos locais.

A Xunta de Galicia aporta para este servizo dende o ano 2008 9.70€/hora sen levar a cabo ningunha actualización ao longo de todo este tempo, quedando estancado o prezo/hora, sendo asumida polo Concello gran parte da diferenza ata o custe real do servizo. Outras administracións, como a Deputación de A Coruña, aportan dende o ano 2018 12€/hora, un prezo máis acorde co custe total do servizo que o achegado pola Xunta.

Esta situación está a xerar serios problemas para a economía dos municipios, xa que os concellos vémonos na obriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo, asumindo os incrementos nos custes do mesmo en exclusiva. Estas novas licitacións, ás que agora temos que facer fronte, contemplan actualizacións de prezos que van dende os 16€/hora ata os case 23€/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos os custes do servizo aumentaron considerablemente, polas melloras das condicións de traballo do persoal, incrementos salariais ou a modificación dos convenios colectivos.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

1.- Iniciar negociacións coa FEGAMP para asumir os custes dunha competencia que lle é propia, evitando que sexan os Concellos, coas xa de por si complicadas economías locais, os que asuman parte dos custos deste servizo.

2.- Negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020, que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.



3.- Namentres se desenvolve a negociación coa FEGAMP, proceder ao incremento da súa aportación económica para dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facer fronte aos incrementos dos custos deste servizo.”

O Sr. Simoes Couceiro, concluída a lectura, di que o custo deste servizo afoga aos Concellos e que, por tanto, a competencia debe ser asumida pola Xunta e polo Estado.

Toma a palabra D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Sr. Alcalde indica que non se trata de transferir a competencia se non de que a Xunta asuma os custos do servizo, que se viron incrementados ao longo dos anos sen que a administración autonómica aumentara a súa aportación. Pon ao Concello de Betanzos como exemplo de entidade local que tivo que derivar contías que se prevían para investimento, a partidas para facer fronte ao gasto deste servizo. Di, por tanto, que a Xunta, se non asume a competencia, debe incrementar o orzamento destinado á prestación deste servizo por parte dos Concellos, aportación conxelada dende o ano 2008 e que está a xerar serias dificultades en algúns Concellos. Indica que o incremento no orzamento de Pontedeume destinado á prestación do Servizo de Axuda no Fogar foi de 48 a 170mil euros.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG di que se o motivo da moción é mellorar os custos e condicións do persoal están a favor e considera que se trata de competencias moi próximas á cidadanía e fundamentais. Indica que estarían encantados de votar a favor da moción, se ben considera que non ten sentido presentala pola vía de urxencia, no último momento fronte á “cortesía” de non ter presentado preguntas neste último Pleno do ano. Di que se o que se propón coa moción é aumentar a protección das persoas e mellorar o prezo por hora das traballadoras, así como diminuír a carga sobre os Concellos, están totalmente a favor. Anuncia a abstención do seu grupo, que xustifica no tempo e forma de presentación da moción.

De seguido, sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **3 abstencións** do concelleiro do Grupo Municipal do PP(1): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG (2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

1.- Iniciar negociacións coa FEGAMP para asumir os custes dunha competencia que lle é propia, evitando que sexan os Concellos, coas xa de por si complicadas economías locais, os que asuman parte dos custos deste servizo.

2.- Negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020, que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

3.- Namentres se desenvolve a negociación coa FEGAMP, proceder ao incremento da súa aportación económica para dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facer fronte aos incrementos dos custos deste servizo.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/12/2019

(Expediente TEdC: 2019/G006/000208)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **739.2019** de 25 de novembro ao **818.2019** de 20 de decembro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2019/G003/000836	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA DO PLENO DE 28.11.2019	00739/2019	25-11-2019 16:39
2019/G003/000787	PROCESO SELECCIÓN ADMINISTRATIVO/A DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA: PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ASISTENCIAS E DIETAS PARA O TRIBUNAL	00740/2019	26-11-2019 13:56
2019/G003/000818	RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DECRETO 446.2019 DE 15.07.2019 DE XUSTIFICACION FINAL 2017 2019 PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS	00741/2019	26-11-2019 13:57
2019/G003/000828	RENUNCIA E ADXUDICACIÓN DE NOVA PRAZA LISTA DE ESPERA PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA"	00742/2019	26-11-2019 14:39
2019/G003/000813	OBRA MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME - DEVOLUCIÓN AVALES	00743/2019	26-11-2019 13:57
2019/G003/000817	RESOLUCIÓN PROCEDEMENTO PARA IMPOSICIÓN DE PENALIDADES por INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA SUBSTITUCIÓN DE TRAMOS DE SANEAMENTO DANADOS E MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA VÍA MUNICIPAL EN OMBRE (Plan mellora camiños de titularidade municipal 2018-2019). EXPTE. 2018/C003/000005	00744/2019	27-11-2019 15:14
2019/G003/000846	ESTABLECIMENTO DO RÉXIME DE VISITAS PÚBLICAS GRATUÍTAS AO CASTELO DE ANDRADE E A TORRE DOS ANDRADE 2020	00745/2019	27-11-2019 15:15
2019/G003/000842	RESOLUCIÓN PROCEDEMENTO PARA A PARALIZACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA PISTA DE PÁDEL E BALONCESTO 3x3. EXPTE. 2018/C003/000009	00746/2019	27-11-2019 15:15



2019/G003/000863	NOTIFICACION DE LIQUIDACION IBI RUSTICA 2015	00747/2019	28-11-2019 13:31
2019/G003/000837	INCIDENCIAS NÓMINA MES NOVIEMBRE 2019 .	00748/2019	28-11-2019 13:31
2019/G003/000858	APROBACIÓN NÓMINA MES NOVIEMBRE 2019.	00749/2019	28-11-2019 13:31
2019/G003/000855	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 22, XERACIÓN DE CRÉDITO 13.-	00750/2019	28-11-2019 12:01
2019/G003/000851	EXPEDIENTE DE CAMBIO IMPUTACIÓN CONTABLE	00751/2019	28-11-2019 12:01
2019/G003/000862	APROBACIÓN DO PROXECTO DE INTERIORISMO E ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (Expte: 2019/C002/000024)	00752/2019	28-11-2019 18:24
2019/G003/000869	SEGUROS SOCIAIS OUTUBRO DE 2019	00753/2019	28-11-2019 18:24
2019/G003/000874	PRIMEIRA CERTIFICACIÓN DAS OBRAS EN EXECUCIÓN: REPOSICIÓN DE VIAIS EN URBANIZACIÓN OLMO. EXPEDIENTE 2019/C003/000004 PLA	00754/2019	29-11-2019 15:04
2019/G003/000831	EXPEDIENTE DE REINTEGRO DE SUBVENCIÓN PONTUMIO 2017	00755/2019	29-11-2019 10:12
2019/G003/000718	TAXA RECOLLIDA LIXO: CAMBIO TITULARIDADE SOLICITADO POR VANESA CARPENTE FACHAL.	00756/2019	02-12-2019 13:28
2019/G003/000770	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE PONTEDEUME	00757/2019	02-12-2019 13:28
2019/G003/000870	RENUNCIA E ADXUDICACIÓN DE NOVA PRAZA LISTA DE ESPERA PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA"	00758/2019	02-12-2019 13:42
2019/G003/000860	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PERSOAS QUE SE DERON DE ALTA NOS TALLERES CULTURAI S XERAIS 2019/2020 E AS QUE SE DERON DE BAIXA NOS MESMOS	00759/2019	02-12-2019 13:42
2019/G003/000875	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA CUBERTA EN PARQUE BIOSALUDABLE (PMA ADICIONAL 2016). EXPTE 2019/C003/000002	00760/2019	02-12-2019 15:52
2019/G003/000876	CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA REPOSICIÓN DE VIAIS EN OLMO (Creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes, para o ano 2019 (código de procedemento MT300A) Xunta de Galicia) Expte. 2019/C002/000025	00761/2019	03-12-2019 09:21
2019/G003/000883	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 05.12.2019	00762/2019	04-12-2019 15:29
2019/G003/000879	RECTIFICACIÓN RESOLUCIÓN, PAGO SEGUROS SOCIAIS MES DE	00763/2019	04-12-2019 17:27

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	OUTUBRO DE 2019		
2019/G003/000696	BAIXA TAXA RECOLLIDA LIXO LOCAL COMERCIAL A NOME ...//...	00764/2019	05-12-2019 14:14
2019/G003/000819	RESOLUCION ESTIMATORIA DE ALEGACIONES EN EXP. SANCIONADOR DE TRÁFICO R. 10733/2019	00765/2019	05-12-2019 14:14
2019/G003/000824	APORTACION ECONOMICA DO CONCELLO NO SERVIZO DE XANTAR NA CASA, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO 2019	00766/2019	05-12-2019 17:46
2019/G003/000882	SOLICITUDE PAGOS CONVENIO USO PAVILLON DO IES FRAGA DO EUME.	00767/2019	09-12-2019 13:36
2019/G003/000871	COFINANZAMENTO MUNICIPAL DO GDR ASOCIACION SEITURA 22 ANO 2019	00768/2019	09-12-2019 13:36
2019/G003/000877	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2019_18º (AI 99500000019233)	00769/2019	09-12-2019 14:53
2019/G003/000887	CAMBIO IMPUTACION CONTABLE	00770/2019	10-12-2019 13:20
2019/G003/000890	CAMPAÑA DE INVERNO DEPUTACIÓN 2020	00771/2019	10-12-2019 13:20
2019/G003/000892	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 13.12.2019	00772/2019	10-12-2019 13:21
2019/G003/000893	RELACIÓN FACTURAS F/2019/25 E F/2019/26	00773/2019	10-12-2019 13:54
2019/G003/000895	CAMBIO IMPUTACIÓN CONTABLE DA FACTURA F/2019/4238	00774/2019	11-12-2019 14:55
2019/G003/000898	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 12.12.2019	00775/2019	11-12-2019 15:56
2019/G003/000873	PAGO CORRESPONENTE A CONVENIO COLABORACION POLICIA LOCAL, CONCELLO DE PONTEDEUME-CONCELLO DE CAMBRE, FESTAS PATRONAIS 2019	00776/2019	12-12-2019 10:15
2019/G003/000894	CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DE OBRA PARA OBRA HUMANIZACIÓN MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME	00777/2019	12-12-2019 10:25
2019/G003/000891	RESOLUCIÓN das reclamacións presentadas ao abeiro das Bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de materia escolar. Curso escolar 2019-2020, Segundo Ciclo Educación Infantil, Primaria e ESO do Concello de Ponte deume	00778/2019	12-12-2019 10:15



2019/G003/000888	XUSTIFICACIÓND O CONVENIO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DE MIÑO E PADERNE PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO SOCIO SANITARIO II.	00779/2019	12-12-2019 10:15
2019/G003/000878	AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL	00780/2019	12-12-2019 10:16
2019/G003/000881	Xustificación Parcial 2.019 do investimento de Reposición de vías na urbanización Olmo	00781/2019	12-12-2019 10:25
2019/G003/000900	Imposición de penalidades por incumplimento de contrato REPARACIÓN DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME	00782/2019	12-12-2019 14:49
2019/G003/000901	COMPENSACIÓN DÉBEDAS ANTONIO BARALLOBRE S.L	00783/2019	12-12-2019 15:39
2019/G003/000902	PROVISIÓN FONDOS PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000089 /2018 / DE IAM RUMBO INSTALACIÓNS E OBRAS SL CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME	00784/2019	12-12-2019 15:38
2019/G003/000903	CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE AS PONTES E PONTEDEUME EN MATERIA DE PERSOAL,	00785/2019	13-12-2019 09:45
2019/G003/000885	PROCESO SELECCIÓN AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO DEPARTAMENTO DE URBANISMO, FUNCIONARIO INTERINO.	00786/2019	13-12-2019 09:45
2019/G003/000897	NON DIVISIÓN EN LOTES DOS INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020	00787/2019	13-12-2019 13:28
2019/G003/000899	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2019_20º (AI 99500000019327)	00788/2019	13-12-2019 13:28
2019/G003/000884	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRAFICO 2019_19º (AI 99500000019280)	00789/2019	13-12-2019 14:47
2019/G003/000906	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 16.12.2019	00790/2019	13-12-2019 14:46
2019/G003/000371	Devolución aval Electricidad Permuy SL	00791/2019	16-12-2019 15:35
2019/G003/000795	DEVOLUCIÓN GARANTÍA OBRA MELLORA PAVIMENTACIÓN DO VIAIS NO NUCLEO DE VALDEVIÑATOS	00792/2019	16-12-2019 15:36
2019/G003/000794	DEVOLUCIÓN GARANTIA OBRA PAVIMENTACIÓN RÚA PORTO	00793/2019	16-12-2019 15:36
2019/G003/000765	PRESENTA AVAL DA OBRA RENOVACION DE TUBAXES NA	00794/2019	16-12-2019 15:36

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN NOGUEIROSA EXP 2018/C003/-000007 E A DEVOLUCION DO AVAL DEPOSITADO O DIA 13/02/2019 POR SER SUPERIOR AO ESIXIDO		
2019/G003/000908	INICIO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DENDE PORTIÑO ATA ANDURIÑA (PAI 2016). EXPTE 2018/C003/000010	00795/2019	16-12-2019 15:36
2019/G003/000806	ANULACION DOS RECIBOS DE LIXO CON NUMERO FIXO 253000764600	00796/2019	16-12-2019 15:36
2019/G003/000845	CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	00797/2019	16-12-2019 15:36
2019/G003/000911	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 18.12.2019	00798/2019	16-12-2019 15:37
2019/G003/000338	Pago do 10% da subvención do Convenio ca entidade Asociación de Amas de Casa do ano 2017	00799/2019	18-12-2019 09:46
2019/G003/000915	CAMBIO DE IMPUTACIÓN CONTABLE DE FACTURAS	00800/2019	18-12-2019 09:46
2019/G003/000907	PAGO IRPF MES DE NOVEMBRO	00801/2019	18-12-2019 09:46
2019/G003/000914	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE BAIXAS NOS TALLERES MUNICIPAIS XERAIS DE MAIORES CURSO 2019/2020	00802/2019	18-12-2019 09:46
2019/G003/000909	INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA PISTA DE PÁDEL E BALONCESTO. EXPTE Nº 2018/C003/000009	00803/2019	18-12-2019 09:46
2019/G003/000166	DEVOLUCIÓN AVAL LICENZA DE APERTURA S.E. CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A.	00804/2019	18-12-2019 09:46
2019/G003/000910	CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O PROXECTO CAMIÑANDO POLO PONTEDEUME CULTURAL (Subvencións a proxectos novos de dinamización do Xacobeo 2021- Programa O teu Xacobeo) Expte. 2019/C002/000023	00805/2019	18-12-2019 09:46
2019/G003/000348	Pago do 10% da subvención do convenio ca entidade Cofradía de Pescadores "Virgen del Carmen" do ano 2017.	00806/2019	18-12-2019 09:46
2019/G003/000746	Pago do 10% da subvención do convenio ca entidade Asociación Río Eume do ano 2017.	00807/2019	18-12-2019 09:46
2019/G003/000745	Pago do 10% da subvención do convenio ca entidade Colectivo Terra	00808/2019	18-12-2019 09:46



	do ano 2017.		
2019/G003/000916	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PERSOAS QUE SE DERON DE ALTA NOS TALLERES CULTURAIS XERAIS 2019/2020 E AS QUE SE DERON DE BAIXA NOS MESMOS	00809/2019	18-12-2019 12:29
2019/G003/000280	CONTRATAÇÃO DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DE VARIAS OBRAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME Expte. 2019/C002/000005	00810/2019	18-12-2019 13:10
2019/G003/000919	APROBACIÓN DE A ADENDA AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA TRATAMENTOS PREVENTIVOS DE XEITO MECANIZADO	00811/2019	18-12-2019 20:11
2019/G003/000889	REINTEGRO DE PARTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O AGADIC 2019.	00812/2019	19-12-2019 11:04
2019/G003/000913	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O IMPULSO DUNHA REDE DE MERCADOS EXCELENTES EN GALICIA. ANO 2.019.	00813/2019	19-12-2019 11:03
2019/G003/000925	ADDENDA AO CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS UNIVERSITARIAS DE ALUMNOS USC: CONVENIO MARCO ASINADO ENTRE A USC E A FEGAMP AO QUE PODEN ADHERIRSE OS DIFERENTES CONCELLOS .	00814/2019	20-12-2019 10:39
2019/G003/000905	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA SINALIZACIÓN DE EDIFICIOS E LUGARES DE INTERESE DO CASCO HISTÓRICO DE PONTEDEUME E DE ROTEIROS PEONÍS CIRCULARES 2020.	00815/2019	20-12-2019 10:19
2019/G003/000928	DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERROS MATEIAS DO EXPEDIENTE DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O IMPULSO DUNHA REDE DE MERCADOS EXCELENTES EN GALICIA. ANO 2.019.	00816/2019	20-12-2019 11:09
2019/G003/000924	RELACIÓN FACTURAS F/2019/27	00817/2019	20-12-2019 13:20
2019/G003/000934	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL EXPTE 2016/C003/000003	00818/2019	20-12-2019 13:51

Documento asinado dixitalmente asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, a luns 20 de decembro de 2019”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non houbo.

De seguido, toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, portavoz do Grupo Municipal do BNG, para agradecer o traballo de D. Andrés Pérez Pérez, logo da súa renuncia ao cargo de concelleiro.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

